

Literatura: tema 2

A POESÍA DE VANGARDA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS

Vicente Risco preparou a recepción da vangarda por medio do seu ensaio publicado en 1917 na revista *La Centuria* “Preludio a toda estética futura”. Ao longo dos anos vinte chegan a Galicia as influencias da vangarda europea. Como a literatura galega no tempo das Irmandades aínda estaba nunha fase de afirmación e desenvolvemento dos diferentes xéneros, a poesía cultivada polos autores novos non é tan rupturista nin radical coma outras europeas do momento, pero si mostra un claro afán de modernidade e posta ao día.



Maruja Mallo (1936). A sorpresa do trigo

Nas primeiras décadas do século XX teñen lugar unha serie de acontecementos que transformaron profundamente a sociedade: a I Guerra Mundial (1914-1918), que mostra a irracionalidade e a capacidade do ser humano para destruír; a Revolución Rusa (1917), que propaga a idea da liberdade e a posibilidade de transformar o mundo; a aparición ou consolidación de grandes avances tecnolóxicos (a luz eléctrica, a aviación, o cinematógrafo, a fotografía, o fonógrafo, a radio...), que mostran o poder do ser humano, capaz de dominar o futuro. No ámbito do pensamento, nestes anos divúlganse as ideas innovadoras e a visión crítica da sociedade de pensadores como Marx, Nietzsche e Freud. E no eido das ciencias, Einstein revoluciona o pensamento científico coa teoría da relatividade. Nese contexto de mudanzas xorde en Europa un movemento de renovación estética que revolucionou todas as artes, moi especialmente as plásticas; é o que se coñece co nome xenérico de *vangardas*. Os principais movementos vangardistas foron o cubismo, o expresionismo, o futurismo, o dadaísmo, o creacionismo e o surrealismo. Déronse a coñecer mediante manifestos, textos onde se expoñían os principios estéticos, con afán de provocar a sociedade burguesa.

Dentro da súa diversidade, estes movementos presentan as seguintes características comúns:

- Antirromanticismo e antisentimentalismo
- Arte pura: obra de arte autónoma, sen conexión co mundo real. O artista é un creador, non un imitador da realidade. “Facer un poema como a natureza fai unha árbore”, escribiu Huidobro.
- Liberación do poder creativo do ser humano: rómpese a orde sintáctica lóxica, as imaxes son sorprendentes e subxectivas. En 1918 o dadaísta Tristán Tzara defendía a destrución total das normas estéticas; no *Manifesto Surrealista* de 1924, André Breton di: “o surrealismo é un ditado do pensamento, sen a intervención reguladora da razón, alleo a toda preocupación estética ou moral”.

As vangardas europeas chegaron tamén á nosa literatura coa **Xeración das vangardas**: autores nados arredor de 1900, que comezan a publicar contra 1925 e a renovan das letras galegas. Foron unha xeración malograda, pois ou morren prematuramente ou ven truncada a súa obra pola Guerra.

A comezos do século XX a literatura galega acabada de renacer, aínda non estaba normalizada, e renunciar totalmente a esa tradición incipiente resultaba máis difícil que no caso das literaturas convencionais. Por iso, nos anos 20 e 30, máis ca unha vangarda plena, houbo na nosa literatura un **movemento renovador** en que podemos distinguir dúas direccións básicas:

- unha **vangarda ecléctica**, que mestura vangarda e tradición: **neotrobadorismo** e **hilozoísmo**
- unha **vangarda plena**, que rompe coa tradición: **creacionismo**, **surrealismo** e **cubismo**.

Os nosos vangardistas tiñan como medios de difusión revistas como *Alfar*, *Ronsel* ou *Cristal*.

1. A vangarda ecléctica

O neotrobadorismo: movemento poético galego, que consiste nun diálogo coas cantigas medievais desde a estética contemporánea. Xorde coa edición dos cancioneiros feita polo portugués José Joaquim Nunes nos anos vinte. Dáse a coñecer a tradición literaria medieval e serve de inspiración aos escritores do momento, ao tempo que mostra a existencia dun pasado literario esplendoroso.

Incorpora elementos trobadorescos: formais (estrofas de dous versos, refrán, leixaprán, paralelismo...), temáticos (o amor cortés, a natureza como marco) e léxico tirado das cantigas. A vangarda móstrase na creación de imaxes innovadoras. Os dous autores máis emblemáticos son: **FERMÍN BOUZA-BREI** (Ponteareas, 1901-1973), fundador e importante colaborador do Seminario de Estudos Galegos na área de arqueoloxía, foi o iniciador con *Nao senlleira* (1933). **ÁLVARO CUNQUEIRO** (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), con *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) e, despois da Guerra Civil, *Dona do corpo delgado* (1950).

O hilozoísmo combina elementos tradicionais (o tema da paisaxe, a métrica) coa vangarda (imaxes encadeadas, personificación da natureza). **LUÍS AMADO CARBALLO** (Pontevedra, 1901-1927), a pesar da súa morte prematura por tuberculose, foi o creador e principal representante. Os seus poemarios *Proel* (1927) e o póstumo *O galo* (1928) foron moi ben recibidos pola crítica e foron motivo de inspiración. Amado Carballo combina imaxes de vangarda con metros e ritmos populares para ofrecer unha visión plástica da natureza galega: poemas breves, de estrutura sinxela, imaxes e personificacións que logran humanizar a paisaxe.

2. A vangarda rupturista

MANUEL ANTONIO PÉREZ SÁNCHEZ (Rianxo, 1900-1930): de ideas republicanas e vinculado ao nacionalismo, estudou a carreira de Náutica. Prototipo de artista vangardista: rebelde, inconformista, defensor da súa independencia ideolóxica e estética, como proclamou no manifesto *¡Máis alá!* Hai na súa obra influencias do cubismo, o futurismo e, especialmente, o **creacionismo**, do chileno Vicente Huidobro, que pretende “crear” unha realidade nova en cada poema.

En vida, Manuel Antonio só publicou *De catro a catro* (1928): 19 poemas compostos nas viaxes co pailebote Constantino Candeira. Trátase de poemas presentados no subtítulo como “Follas sen data dun diario de abordo” e organizadas como unha travesía.

De catro a catro loita con humor contra o sentimentalismo romántico, mais non desterra a emoción. O eu poético aparece no nós ou aludido pola figura da *paipa*. A visión da vida é estática: soidade, saudade, tedio... Versolibrismo, imaxes creacionistas encadeadas e mesmo de palabras en liberdade. Rompe os versos para enfatizar certos motivos, mais case non utiliza o elemento irracional. Incorpora moito léxico mariñeiro e técnico debido á súa condición de piloto da mariña mercante.

Escribiu dúas pezas en prosa: o **manifesto ¡Máis alá!** (1922), escrito en colaboración co pintor Álvaro Cebreiro, e o *Prólogo a un libro de poemas que ninguén escribeu* (1928). A obra de Manuel Antonio, plenamente vangardista, anovou a literatura galega en varios aspectos:

- Tematicamente: rompe co costumismo, o ruralismo e a poesía cívica da nosa literatura; nos seus poemas hai sempre unha reflexión existencial.
- Formalmente: cultiva o versolibrismo (versos heterométricos, sen rima), xoga coa parte gráfica do poema e emprega imaxes inusuais e orixinais, que fan o poema ambiguo e plurisignificativo.
- No léxico: introduce estranxeirismos, cultismos, neoloxismos e vocabulario especializado (da navegación, das ciencias e da tecnoloxía).

ÁLVARO CUNQUEIRO, na súa poesía de preguerra publica dous libros plenamente vangardistas: *Mar ao norde* (1932), poemas moi breves, de temática mariña e con claras mostras de **cubismo**. *Poemas do si e do non* (1933), poemas sobre o amor e o erotismo, con imaxes **surrealistas**.